

# **Aprendizaxe Cooperativa nas Ciencias da Natureza de 1º de Educación Primaria**

Raquel María González Martínez, Azucena Arias Correa, Carla Blanco Pérez, Uxío Pérez Rodríguez

Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. Universidade de Vigo

Raquelmagm@gmail.com; azucena@uvigo.es; blanco.perez.carla@gmail.com; uxio.perez@uvigo.es

A aprendizaxe cooperativa abre as portas a unha educación integral, onde os contidos teñen o mesmo papel que o desenvolvemento persoal, emocional e moral. Permite que o alumnado sexa partícipe directo da súa aprendizaxe o que provoca, non só unha aprendizaxe significativa, senón un desenvolvemento da autonomía e da capacidade de toma de decisións que con outras metodoloxías non sería posible (Johnson & Johnson, 2014). Estudos como os de Valero (s.d) afirman que o traballo cooperativo non só axuda a todo o mencionado anteriormente, senón que facilita un maior rendemento académico nas áreas de ciencias, matemáticas e tecnoloxía; incrementa a satisfacción do alumnado; promove actitudes máis positivas cara a materia ou mesmo fomenta o desenvolvemento do pensamento crítico.

Estas son algunhas das razóns polas que se elixiu empregar a aprendizaxe cooperativa (AC) nunha aula de 1º de Educación Primaria. Na seguinte comunicación falarase de como se introduciu e se traballou durante o curso escolar coa AC como ferramenta de aprendizaxe nesta clase, a cal non tiña experiencia no traballo cooperativo.

A implementación na aula das primeiras estratexias foi complicada, xa que o grupo non tiña experiencia en traballar por equipos e faltaba cohesión grupal. Moitas das estratexias tivéronse que repetir ate que o alumnado comprendeu a súa dinámica ou obxectivo. Porén, houbo unha evolución na aula; aumentou a cohesión grupal e a participación, así coma a súa disposición para traballar. Tamén viuse unha mellora no comportamento do alumnado e na comprensión xeral das actividades. Durante todo o proceso, o alumnado mostrouse moi motivado por participar nas estratexias, mesmo deron ideas para crear outras dinámicas.

A rápida evolución desta aula é un indicativo do progreso que se pode conseguir empregando estratexias cooperativas, xa sexa coma metodoloxía (AC) ou simplemente coma ferramentas de aprendizaxe.

## **Agradecimientos**

Proyectos de investigación financiados polo Ministerio de Economía e Competitividad EDU2015-6643-C2-2-P e polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades EDU2017-82915-R.

## **Referencias**

JOHNSON, D. W., & JOHNSON, R. T. *La evaluación en el aprendizaje cooperativo: cómo mejorar la evaluación individual a través del grupo*. Boadilla del Monte: SM, 2014.

Disponible en: [http://innovacioneducativa-sm.aprenderapensar.net/files/2014/11/158055\\_Evaluacion-Aprendizaje-Cooperativo.pdf](http://innovacioneducativa-sm.aprenderapensar.net/files/2014/11/158055_Evaluacion-Aprendizaje-Cooperativo.pdf)

VALERO, A. *¿Por qué aprendizaje cooperativo? — Investigación e Innovación en Metodologías de Aprendizaje*. Barcelona: RIMA — UPC. Universitat Politècnica de Catalunya, s.d.. Disponible en: <https://www.upc.edu/rima/es/grupos/giac-grupo-de-interes-en-aprendizaje-cooperativo/bfpor-que-aprendizaje-cooperativo>